



Concello de Campo Lameiro

Expediente núm.: 275/2022

Bases Xerais da Convocatoria

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Data de iniciación: 01/06/2022

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DE DOUS /AS SOCORRISTAS ACUÁTICOS PARA PISCINA MUNICIPAL DE CAMPO LAMEIRO 2022

Primeira.- Obxecto.

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal de dous socorristas acuáticos para a Piscina Municipal, para o período de verán.

A prestación incluíra os servizos propios de socorrista acuático e monitor, e posta a punto das instalacións.

A modalidade contractual será de contrato temporal para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral, a xornada completa.

Para esta contratación o Concello de Campo Lameiro ten solicitada unha axuda o abeiro da Orde do 7 de xaneiro de 2022, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o ano 2022.

Segunda.- Período de duración do contrato.

A duración do contrato prevese en dous meses e medio a comezar o 1 de xullo.

Terceira.- Retribucións.

A retribución será a que establezca ao IV Convenio Colectivo de Instalacións Deportivas e de Ximnasios da Comunidade Autónoma de Galicia publicado no DOGA nº 134 de 7 de xullo de 2020, e en concreto fíxase en 1.268,12€ brutos mensuais con todos os conceptos e pagas extra prorrateadas incluídas..

Cuarta.- Requisitos dos/as aspirantes

1.- Os requisitos a continuación enumerados, serán imprescindibles para o acceso a praza.

a).- Ser español ou nacional de algún Estado membro da Unión Europea, ou ser o seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito ou ser descendentes dos primeiros ou do cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte un anos ou maiores dependentes, ou ser persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola comunidade europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos do Art. 57.1 da Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto de empregado Público, ou ser estranxeiro con permiso de residencia e traballo en vigor.

b) Ser maior de 18 anos de idade e non haber alcanzado a idade de xubilación forzosa.

c) Estar inscritos ou ter solicitada a inscrición (sempre que non transcurrisen máis de tres meses dende a solicitude) no Rexistro Profesional de Socorristas





Concello de Campo Lameiro

- de Galicia na sección de socorristas en instalacións acuáticas.
- d) Estar en posesión de algún dos seguintes diplomas ou titulacións que acrediten o título de socorrista acuático:
- Diploma de 80 horas de formación de salvamento e socorrismo acuático impartido pola Academia Galega de Seguridade Pública con anterioridade o 10 de abril de 2012.
 - Estar en posesión dun diploma que acredite a formación en materia de socorrismo impartido por universidades, federacións deportivas de salvamento e socorrismo, Cruz Vermella, u outras entidades, antes do 10 de abril de 2012 homologado pola Academia Galega de Seguridade Pública,
 - Diploma de Socorrista acuático de FP (AFDB10, de 240 horas).
 - Certificado de profesionalidade de socorrismo en instalacións acuáticas.
 - Técnico deportivo ou técnico deportivo superior en salvamento e socorrismo.
- e) Ter capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- f) Non padecer enfermidade ou defecto físico que o imposibilite para o desempeño das funcións correspondentes o posto.
- g) Non estar separado do servizo de ningunha administración pública en virtude do expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.
- h) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.
- i) Carecer de antecedentes penais por delitos de natureza sexual.

2.- Todos os requisitos esixidos no punto anterior, deberán reunirlos os aspirantes o día de realización da entrevista

Quinta.- Requisitos e criterios de selección

O concello de Campo Lameiro solicitará os traballadores/as que se necesiten mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os traballadores/as que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados.

Os candidatos enviados pola oficina pública de emprego deberán presentarse nas oficinas do Concello antes do día 23 de xuño as 15.00 horas, acompañados coa seguinte documentación :

- Fotocopia compulsada do DNI.
- Fotocopia compulsada da inscrición ou da solicitude de inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia na sección de socorristas en instalacións acuáticas .





Concello de Campo Lameiro

- Fotocopia compulsada da formación mínima establecida no artigo 6 e na Disposición transitoria única do Decreto 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia. ([DOG núm. 67, do 9/4/2012](#))
- Acreditación médica de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida realizar as funcións propias a desenvolver.
- Fotocopia compulsada da documentación acreditativa dos méritos alegados.
- Certificado acreditativo sobre a ausencia de antecedentes penais por delitos de natureza sexual

A data de realización das sucesivas probas será anunciado no taboleiro de editos e na páxina web do concello.

Sexta.- Procedemento selectivo.

Establécese o sistema de concurso, oposición e entrevista.

No caso de que sexa concedida a subvención solicitada o abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, terase en conta ademais o establecido no artigo 12 desa Orde, así como a base quinta, puntos 1, 2, 3 e 4 da selección para a contratación laboral temporal de traballadores e traballadoras desempregados/as para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social

1.-FASE DE CONCURSO: valoraranse os seguintes méritos:

A.- Experiencia profesional: A puntuación máxima será de 2 puntos

* Servizos prestados como socorrista acuático, en Concellos ou outras administracións públicas: 0,10 puntos por mes traballado a xornada completa e 0,05 puntos por mes traballado a tempo parcial, non computándose fraccións inferiores a meses completos.

*Servizos prestados como socorrista acuático en entidades privadas: 0,04 puntos por mes traballado a xornada completa e 0,02 puntos a tempo parcial, non computándose fraccións inferiores a meses completos.

Estes méritos deberán acreditarse mediante orixinal ou fotocopia debidamente compulsada:

* contratos de traballo xunto co informe de vida laboral

* certificados de empresa no que conste a ocupación para a que foi contratado, a data de inicio e fin da contratación, así como o tipo de xornada entre outros datos.

Na documentación presentada deberán quedar constatadas as funcións desempeñadas no período de contratación, as cales, podrán tamen acreditarse mediante un certificado no que se describan as mesmas.

Non se valorará nin se terá en conta aquela experiencia profesional que non se axuste o disposto neste apartado.





Concello de Campo Lameiro

B.- Formación: A puntuación máxima que se pode acadar neste apartado é de 2 puntos.

* Cursos e actividades relacionados con socorrismo acuático, natación, primeiros auxilios, animación ao tempo libre das Federación Española ou Galega de Natación ou outros organismos oficiais, a razón de:

- De duración igual ou superior a 50 horas: 0,50 puntos
- De duración igual ou superior a 25 horas: 0,35 puntos.
- De duración igual ou superior a 10 horas: 0,15 puntos.

2.- Fase Oposición.- consistirá na realización da seguinte proba:

Cuestionario tipo test: Constará dunha proba de carácter obrigatorio e eliminatorio, na que haberá que contestar a un cuestionario tipo test, de 20 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa da convocatoria anexo durante un período de 20 minutos.

Cada pregunta acertada puntuará 0,20 puntos, non contabilizando o resto das preguntas.

Calificarase de 0 a 4 puntos. Para superar este exercicio será preciso acadar un mínimo de 2 puntos.

3.- FASE DE ENTREVISTA: a entrevista ten carácter obrigatorio e versará sobre o desenvolvemento das funcións e contidos relacionados co posto de traballo.

A entrevista valorarase de 0 a 2 puntos

A puntuación final será a suma das puntuacións obtidas na fase de concurso, oposición e entrevista, dacordo co baremo establecido nas bases.

En caso de empate entre as persoas candidatas a calquera posto de traballo, decidirase a selección outorgando preferencia aos colectivos con maiores dificultades de inserción laboral, pola seguinte orde de preferencia:

- 1) Mulleres, en especial as que acrediten a condición de vítimas de violencia.
- 2) Menores de 30 anos, en especial os demandantes de primeiro emprego ou sen cualificación profesional.
- 3) Desempregados/as de longa duración.
- 4) Persoas con discapacidade.
- 5) Desempregados/as que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego.
- 6) Desempregados/as maiores de 45 anos.
- 7) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios/as do RISGA.

Sétima.- LISTAXE DE CONTRATACIÓNS E FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS





Concello de Campo Lameiro

Unha vez rematado o proceso selectivo elaborárase unha listaxe de persoas candidatas á contratación, ordenadas segundo a puntuación que obtiveran no proceso de selección, de maior a menor. O chamamento dos aspirantes para a súa contratación realizarase segundo esta orde de puntuación. O número de contratacións que finalmente se realicen dependerá da dispoñibilidade presupostaria final coa que conte o Concello de Moaña. O Tribunal cualificador elevará ó órgano competente a proposta de contratación, quen resolverá sobre a contratación e formalización dos contratos de conformidade cos modelos de contratación previstos na normativa aplicable.

A listaxe de persoas candidatas, pola súa orde de puntuación, poderá ser utilizada tamén para cubrir as posibles baixas definitivas e tamén as posibles substitucións temporais (incapacidade temporal, maternidade, paternidade...) das persoas candidatas inicialmente seleccionadas e contratadas.

Oitava.- Comisión de Valoración.-

A Comisión de Valoración estará integrada por:

PRESIDENTE.-
SECRETARIA.-
DOUS VOGAIS.-

O tribunal non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros titulares.

Os membros do Tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992 ou no artigo 13.2 do Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo.

Os aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal nos termos establecidos no artigo 29 da Lei 30/1992.

O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número de aspirantes superior ó das prazas convocadas.

O Tribunal poderá dispor a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para a celebración das probas.

Novena.-: PRAZOS.

Presentación de instancias: Ata o día 23 de xuño.

Listado provisional de admitidos e excluídos: Día 23 de xuño.

Período de alegacións á lista de admitidos e excluídos: día 27 de xuño.

Listado definitivo de admitidos e excluídos: Día 28 de xuño

Exame tipo test e entrevista: Día 29 de xuño. A entrevista realizarase unha vez finalizado o exame tipo test no lugar indicado polo tribunal.

Publicación de resultados: Día 29 de xuño.

Período de alegacións: Ata o día 30 de xuño

Decima.- Impugnación da convocatoria e incidencias.

O feito de presentar instancias solicitando tomar parte na convocatoria constitúe





Concello de Campo Lameiro

sometemento expreso dos aspirantes ás presentes bases reguladora da mesma. As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas polos interesados, nos casos, formas e prazos establecidos pola Lei 30/92, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O tribunal queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

Anexo temarios da convocatoria

Tema 1. Primeiros Auxilios.

Tema 2. O Socorrismo acuático. Concepto, obxectivos e límites

Tema 3. A vixilancia.

Tema 4. Temas de traslado de accidentados no medio acuático.

Tema 5. Técnicas para entrar na auga

Tema 6. O mergullo

Tema 7. Os espazos acuáticos: características e diferencias de interese no socorrismo acuático.

Tema 8. O número de atención de emerxencias 112

Tema 9. ORDE do 14 de maio de 2012 pola que se regula o modelo de distintivo dos socorristas acuáticos na Comunidade Autónoma de Galicia

Tema 10. DECRETO 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia

Campo Lameiro, 15 de xuño de 2022

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

